



Ourense

Servizo de Persoal e Recursos Humanos

O Pleno do concello, na sesión ordinaria do día 6 de outubro do ano 2017 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.- Incrementar no cadro de persoal do orzamento municipal os seguintes postos de traballo reservados a persoal eventual:

Denominación do posto; número de postos

Asesor/a político/a; 1

Auxiliar/a político/a; 2

Segundo.- O réxime, características e retribucións dos postos de persoal eventual establececese no Acordo de Xunta de Goberno Local con data 7 de setembro de 2017.

Terceiro.- Expoñer ao público polo prazo de 15 días hábiles, logo do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Ourense esta modificación do cadro de persoal do orzamento municipal, para os efectos de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, en cumprimento do disposto no artigo 126.3 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ourense, 18 de outubro de 2017. O alcalde.

Asdo.: Jesús Vázquez Abad.

Servicio de Personal y Recursos Humanos

El Pleno del ayuntamiento, en la sesión ordinaria del día 6 de octubre de 2017 adopto, entre otros, el siguiente acuerdo:

Primero.- Incrementar en la plantilla de personal del presupuesto municipal los siguientes puestos de trabajo reservados al personal eventual:

Denominación del puesto; Número de puestos

Asesor/a político/a; 1

Auxiliar/a político/a; 2

Segundo.- El régimen, características y retribuciones de los puestos de personal eventual se establecen en el Acuerdo de la Junta de Gobierno Local de fecha 7 de septiembre de 2017.

Tercero.- Exponer al público por el plazo de 15 días hábiles, después del anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia y en tablón de anuncios del Ayuntamiento de Ourense la presente modificación de la plantilla de personal del presupuesto municipal, a los efectos de que los interesados puedan examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 126.3 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el Texto Refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local.

Ourense, 6 de octubre de 2017. El alcalde.

Fdo.: Jesús Vázquez Abad.

R. 3.218

Ourense

Concellaría de Igualdade

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 19 de outubro de 2017, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

24.- Aprobación de bases xerais reguladoras de subvencións a asociacións sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades a prol da igualdade do Concello de Ourense e

da convocatoria específica de subvencións da Concellería de Igualdade para o ano 2017 (Expediente: n.º 2017027340).

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (9 votos a favor), acordou:

1.- Aprobar as bases xerais reguladoras de subvencións a asociacións sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades a prol da igualdade do Concello de Ourense.

2.- Aprobar a convocatoria de subvencións para asociacións sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades a prol da igualdade do Concello de Ourense, para o ano 2017.

3.- Aprobar o gasto por importe de 10.000 euros con cargo á partida 150.2312.48949, (con n.º de retención de crédito 201700044159), do orzamento municipal vixente.

4.- Ordenar a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal para o seu xeral coñecemento e para os efectos.

5.- Remitir a través da BDNS o extracto da convocatoria para a súa publicación no BOP.

Bases xerais reguladoras de subvencións a asociacións sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades a prol da igualdade do Concello de Ourense para o ano 2017

Primeira.- Finalidade e obxecto

1.- Finalidade

O Concello de Ourense, a través da súa Concellería de Igualdade, presenta as seguintes bases xerais reguladoras de subvencións a asociacións sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades a prol da igualdade, (en adiante bases reguladoras), coa finalidade de fomentar e consolidar o asociacionismo das mulleres e aqueloutros colectivos cuxo fin principal sexa a promoción da equidade de xénero, así como previr e combater a violencia de xénero para facer efectivos os dereitos á igualdade e á non discriminación por razón de sexo proclamados no artigo 14 da Constitución española, e de conformidade coa Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e o Decreto legislativo 2/2015 do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

2.- Obxecto

Proxectos de actividades a desenvolver dentro dos límites do termo municipal de Ourense que persigan algún dos obxectivos e/ou medidas recollidas no Plan para a Promoción da Equidade de Xénero do Concello de Ourense vixente, e aqueloutros que teñan como finalidade principal potenciar e difundir as actividades de promoción da igualdade, a loita contra a violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral de mulleres e homes, a coeducación, a corresponsabilidade e calquera outra que evite a perpetuación dos roles tradicionais e os estereotipos sexistas.

Segunda.- Exclusiones

Quedan excluídas do obxecto destas bases reguladoras os proxectos, programas ou actividades:

1. Que para a mesma ou semellante finalidade sexan obxecto de convocatoria noutras áreas ou servizos do Concello de Ourense.

2. Que poidan implicar algún tipo de discriminación por razón de sexo, etnia, ideoloxía, por orientación sexual, condición social ou outras causas.

3. De carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.

4. Que estean previstas nos plans de ensino vixentes e/ou de apoio extra escolar.

5. Que non se axusten aos obxectivos e finalidade definidas nestas bases.

6. Que se refiran á edición de documentos internos, así como externos, de signo exclusivamente propagandístico da asociación en si.

Terceira.- Financiamento e límite das axudas

A concesión da subvención para os fins expostos limitarase ao crédito dispoñible no orzamento municipal correspondente a cada convocatoria.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que supere o 75% do custo total da actividade a desenvolver pola asociación beneficiaria. Este límite operará tanto no momento de outorgar a subvención como no exame da conta xustificativa.

As subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras son incompatibles con outras axudas e subvencións públicas, e serán compatibles con calquera tipo de axuda polas entidades privadas.

Cuarta.- Beneficiarias

Poderán acollerse a estas bases reguladoras as asociacións e colectivos integrantes do Consello Municipal da Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes. Adicionalmente tamén poderán concorrer outros colectivos destacados no ámbito da promoción da igualdade de xénero, sempre e cando reúnan as seguintes condicións:

a) Que sexan asociacións sen finalidade de lucro, públicas ou privadas con sede social no termo municipal de Ourense e que realicen actividades de interese municipal en materia de xénero e igualdade e se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

b) Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras teñan obxectivos e finalidades acordes coa equidade de xénero (achegarse no momento da solicitude copia dos Estatutos da asociación).

En todo caso as beneficiarias deberán:

a) Acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.

b) Reunir os requisitos establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En caso ningún acadarán a condición de beneficiarias:

1.- Aquelas que teñan asinado algún convenio específico para actividades semellantes ou afíns con algunha concellería deste concello.

2.- Aquelas que non tivesen xustificadas en tempo e forma as axudas outorgadas neste servizo do Concello de Ourense no ano anterior, agás cando mediara renuncia á subvención antes da finalización do prazo de xustificación.

Quinta.- Gastos subvencionables e non subvencionables

Son gastos subvencionables aqueles que respondan directamente á natureza da actividade subvencionable, sempre que figuren efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, quedando excluídos expresamente:

1.- Os gastos xerais das asociacións ou colectivos solicitantes relativos á xestión, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento.

2.- Agasallos, comidas, viaxes ou desprazamentos (incluídos gastos de aparcamento, peaxes e dietas).

Os gastos deberán constar pagados antes da finalización do período de xustificación agás, de selo caso, os relativos ao pagamento de nóminas do mes coincidente co último do período de xustificación, para os que se presentarán, no Rexistro Xeral, dentro dos dez días hábiles seguintes á finalización do prazo de xustificación, os documentos xustificativos de que o

pagamento foi realizado nos 5 primeiros días do mes seguinte á finalización do prazo de xustificación.

Sexta.- Solicitudes, prazo de presentación e documentación

1.- Solicitudes

As solicitudes e documentación da subvención presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ourense, nos modelos normalizados que se achegan.

Tamén poderán presentarse nos lugares e medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os impresos (solicitude e anexos a estas bases reguladoras) e canta información precise para a súa presentación, estarán dispoñibles na páxina web do Concello de Ourense (www.ourense.es)

2.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días (15) desde o día seguinte á data da súa publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP).

3.- Documentación:

a) Solicitude de subvención dirixida ao alcalde, segundo modelo normalizado (anexo I). Presentarase unha única solicitude para todos os proxectos solicitados.

b) Proxecto de programas ou actividades a prol da igualdade para os que se solicita subvención (anexo II). Cubrirase tantas veces como número de proxectos se soliciten. No caso de presentar proxectos de formación deberá achegarse currículo do profesorado especializado en xénero.

c) Copia actualizada e compulsada dos Estatutos así como certificación acreditativa dos cargos representativos.

d) Folla de pagamento a terceiros (anexo III).

e) Declaración responsable ou certificación acreditativa de estar ao día nas obrigas tributarias con calquera das Administracións e non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria que figuran nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como declaración das solicitudes de subvención realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións (anexo IV).

f) Orzamento da actividade proxectada (anexo V).

Para os efectos de presentación de documentos son de aplicación os artigos 28.2 e 53.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sétima.- Criterios de valoración para os proxectos

De conformidade co artigo 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva. A comisión avaliadora terá en conta a calidade do proxecto e adecuación aos obxectivos recollidos na base primeira, punto 2, aplicando os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 20 puntos:

a) Interese e relevancia das actividades propostas para promover a equidade de xénero: ata 12 puntos.

- Orixinalidade e carácter innovador (3 puntos).

- Persoas destinatarias (3 puntos).

- Interese xeral da actividade (6 puntos).

b) Por recoller o proxecto explicitamente algunha das medidas e/ou obxectivos contemplados no Plan vixente para a Promoción da Equidade de Xénero do Concello de Ourense: ata 6 puntos (2 por cada obxectivo).

c) Polo emprego da lingua galega e dunha linguaxe inclusiva: ata 2 puntos (1 polo uso do galego e 1 pola linguaxe inclusiva.).



Con base nas puntuacións obtidas determinarase o importe individualizado de cada beneficiaria, seguindo o procedemento seguinte:

- Outorgar a cada programa de actividades presentados polas asociacións que cumpran os requisitos esixidos o número de puntos que lles correspondan segundo a valoración realizada.
- Atribuír en euros un valor a cada punto, resultado de dividir o importe total do crédito orzamentario entre o número total de puntos acadados polas propostas admitidas.
- De cara a evitar situacións de sobrefinanciamento de actividades, porase como límite da subvención o importe solicitado pola asociación correspondente e, en todo caso, o 75% do proxecto presentado.

Oitava.- Instrución do procedemento

1.- O órgano competente para a instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á directora do CIMM que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se realice a proposta, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se a solicitude, a documentación e a información presentada non reúnen os requisitos esixidos, o/a interesado/a será requirido/a para que no prazo de dez días, contados desde o día seguinte á recepción da notificación, corrixa as faltas ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, se desestimarán a súa solicitude ao abeiro do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3.- Rematada a instrución do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación para que emita o informe de avaliación, órgano colexiado composto pola concelleira delegada da área de igualdade que actuará como presidenta, a directora do CIMM (Centro de Información Municipal da Muller), unha técnica da Concellería de Igualdade, a/o titular da Asesoría Xurídica ou funcionario/a en quen delegue, o interventor municipal ou funcionario/a en quen delegue, e un/ha funcionario/a que se designe que actuará como secretario/a.

4.- A Comisión de Avaliación poderá:

- Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver.
- Excluír as solicitudes que non reúnan os requisitos necesarios para ser beneficiarias.

5.- Unha vez emitido o informe de avaliación, o órgano instrutor formulará unha proposta de resolución definitiva que expresará a relación de solicitantes para as que se propón a subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios seguidos para efectualas. Tamén conterá a relación de aspirantes ás que se lles denega a subvención xunto coa motivación.

6.- As propostas, provisionais ou definitivas, non crean ningún dereito a favor da asociación proposta fronte á Administración.

Novena.- Resolución

1. Logo da proposta do órgano instrutor, correspóndelle á concelleira delegada de Igualdade a resolución e esta publicárase, de acordo co disposto no artigo 45.1.b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal.

A publicación, que substitúe a notificación, con todos os efectos desta, farase no prazo máximo de 3 meses contados a partir do día seguinte a aquel que finalice o prazo de presentación de solicitudes. A falta de publicación neste prazo permite entender o silencio administrativo con efectos desestimatorios de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a resolución poderase interpoñer, no prazo de dous meses, recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, sen prexuízo de interpoñer previamente recurso potestativo de reposición no prazo dun mes diante do órgano que ditará a resolución.

Décima.- Obrigas que asuman as asociacións subvencionadas

1ª.- Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, dereitos de autoría, etc.) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.

2ª.- O compromiso da utilización dunha linguaxe non sexista e de imaxes non estereotipadas das mulleres nos materiais didácticos e de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

3ª.- Informar e publicitar as actividades e servizos subvencionados, facendo constar nun lugar destacado dos diferentes soportes a lenda “Subvencionada: Concello de Ourense-Concellería de Igualdade”, coa incorporación do seu logotipo e anagrama. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

4ª.- Comunicar calquera eventualidade na programación da proposta realizada, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.

5ª.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Ourense considere necesario.

6ª.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

7ª.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.

8ª.- Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

9ª.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autoría e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.

10ª.- Estar ao corrente nos pagamentos ao Concello de Ourense, así como das restantes obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de ser o caso.

11ª.- As demais abrigas establecidas nos artigos 14 da Lei 28/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei 38/2003.

Undécima.- Xustificación

A xustificación do destino das axudas concedidas efectuarase antes do 30 de decembro do ano correspondente a cada convocatoria.

A xustificación da subvención realizarase mediante a modalidade de “conta xustificativa do gasto realizado”, que será presentada pola asociación ou colectivo beneficiario, coa seguinte documentación:

a.- Instancia suscrita pola persoa representante da entidade beneficiaria da subvención dirixida ao alcalde do Concello de Ourense na que solicitan o pagamento de subvención concedida.

b.- Memoria detallada que virá asinada, do programa, proxecto ou actividade indicando en todo caso:

1.- Datos da entidade e denominación do proxecto, programa ou actividade.

2.- Fundamentación e consecución do proxecto indicando o número de persoas beneficiarias e perfil destas (desagregado por sexo e idade).

3.- Periodización: datas, lugares e horarios de realización das actividades.

4.- Xustificación, de ser o caso, de posibles desviacións respecto ao proxecto presentado.

5.- Recursos humanos e materiais empregados.

6.- Resultados obtidos: consecución de obxectivos, indicadores de actividade.

c.- Copia de material de difusión no que apareza o financiamento do Concello de Ourense, e achegar a documentación gráfica da actividade subvencionada (fotografías, capturas de pantalla da web, etc).

d.- Relación numerada de documentos xustificativos de cada un dos gastos subvencionables realizados con motivo da actividade subvencionada, de maneira que quede acreditado o custo total da actividade, con expresión do provedor/a, obxecto facturado, importe total do documento e data e forma de pagamento. A relación estará asinada polo/a secretario/a da asociación (anexo VI).

e.- Presentación de facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico, mercantil ou laboral por importe equivalente ao 100% do custo final da actividade en gastos subvencionables. Estas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e, de ser o caso, serie.
- Nome e apelidos ou denominación fiscal.
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF).
- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
- Lugar e data de emisión.

Nas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique que se está exenta de IVE; as facturas emitidas por profesionais implicarán a pertinente retención do IRPF.

A acreditación do pagamento farase:

- No caso de pagamentos que sexan iguais ou superiores a 500 € por provedor/a: presentación de documento bancario no que conste o terceiro a quen vai dirixido o pagamento e a data na que foi realizado.

- No resto de pagamentos, a factura virá asinada pola persoa responsable do cobro e selada no caso de ser unha persoa xurídica.

- Para o suposto de que se inclúan facturas con retencións fiscais deberá achegarse xustificante de ter ingresado o seu importe na facenda pública (agás os correspondentes ao último trimestre do ano). As cantidades retidas en concepto de IRPF deben xustificarse mediante os modelos 110, 115 ou 190.

e.- Liquidación de ingresos da actividade subvencionada, segundo o modelo normalizado (Anexo VII).

f.- Declaración responsable da asociación perceptora acreditativa de, entre outros, os seguintes extremos:

- Percepción doutras axudas ou subvencións públicas para os proxectos subvencionados.

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaran á actividade subvencionada (anexo IV).

Os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa coa actividade subvencionada e devindicados no exercicio da convocatoria, e deberá constar de forma expresa que foron pagados con anterioridade á finalización do procedemento de xustificación determinada nestas bases reguladoras.

Duodécima.- Aboamento

1. O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.

2. Procederase á redución proporcional do importe da subvención nos seguintes casos:

- Pola obtención de maior financiamento do previsto no proxecto.

- Cando o gasto acreditado en facturas válidas non acadase o importe do coste final da actividade.

- Cando o importe da subvención supere o 75% do coste final da actividade.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

4.- A resolución-liquidación da axuda realizarase, unha vez aprobadas as contas xustificativas.

Décimo terceira.- Seguimento de execución e comprobación da xustificación

1. O persoal da Concellaría de Igualdade será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

Para estes efectos a desagregación do orzamentos só ten efectos informativos non sendo vinculante de cara á xustificación da actividade subvencionada.

Décimo cuarta.- Reformulación de proxecto

1. No caso de cunha asociación non puidese, excepcionalmente, desenvolver algunha das actividades subvencionadas poderáselle propor á Concellaría de Igualdade o proxecto alternativo que se considere máis adecuado para o destino do importe subvencionado.

2. Os cambios propostos serán debidamente razoados e presentados con, cando menos, un mes de antelación á execución prevista. As propostas de cambio formuladas pola entidade nunca se referirán a máis dun proxecto.

3. Serán valorados igualmente segundo os criterios establecidos nestas bases reguladoras e deberán xustificarse nos prazos e condicións fixados.

4. Os novos proxectos deberán cumprir as seguintes condicións:

a.- Enmarcarse dentro do programa e obxectivos previstos nestas bases.

b.- Ser de igual calidade que o proxecto ao que substitúe.

c.- Ser presentados cumprindo as mesmas condicións e a mesma forma establecida nestas bases reguladoras.

5. En calquera caso, será a Concellaría de Igualdade quen valore a excepcionalidade dos cambios e as razóns que os xustifican, co obxecto de ser admitidos ou non a trámite. O prazo de resolución da solicitude de modificación da concesión será dun mes, que contará desde a súa entrada no rexistro xeral do Concello. Transcorrido o prazo sen resolución expresa entenderase estimada a solicitude.

Décimo quinta.- Perda e reintegro

1. O Concello de Ourense poderá acordar a perda ou reintegro da axuda concedida se incorre nalgún dos seguintes supostos:

a.- Non realizar os programas ou actividades subvencionadas.

b.- Incumprir algunha das condicións establecidas nestas bases reguladoras.

c.- Aplicar as subvención a fins distintos para os que foron concedidos.

d.- Calquera outra causa das establecidas no artigo 33 Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.



2. Os expedientes de perda ou reintegro de pagamento polas cantidades transferidas instruíranse de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo sexta.- Disposicións derradeiras

1.- O Concello de Ourense quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

2.- En todo aquilo non previsto na presentes bases reguladoras estarase ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

(Ver anexos páx. 16-24)

Concejalía de Igualdad

La Junta de Gobierno Local, en la sesión ordinaria de 19 de octubre de 2017, adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo:

24.- Aprobación de bases generales reguladoras de subvenciones a asociaciones sin ánimo de lucro para la realización de programas y/o actividades a favor de la igualdad del Ayuntamiento de Ourense y de la convocatoria específica de subvenciones de la Concejalía de Igualdad.

La Junta de Gobierno Local, de conformidad con la propuesta, por unanimidad de los asistentes (9 votos a favor), acordó:

1.- Aprobar las bases generales reguladoras de subvenciones a asociaciones sin ánimo de lucro para la realización de programas y/o actividades a favor de la igualdad del Ayuntamiento de Ourense.

2.- Aprobar la convocatoria de subvenciones para asociaciones sin ánimo de lucro para la realización de programas y/o actividades a favor de la igualdad del Ayuntamiento de Ourense, para el año 2017.

3.- Aprobar el gasto por importe de 10.000 euros con cargo a la partida 150.2312.48949, (con número de retención de crédito 201700044159), del presupuesto municipal vigente.

4.- Ordenar la publicación de las Bases en el Boletín Oficial de la Provincia y en la página web municipal para el general conocimiento y efectos.

5.- Remitir a través del BDNS el extracto de la convocatoria para su publicación en el BOP.

Bases generales reguladoras de subvenciones a asociaciones sin ánimo de lucro para la realización de programas y/o actividades a favor de la igualdad del Ayuntamiento de Ourense para el año 2017

Primera.- Finalidad y objeto

1.- Finalidad

El Ayuntamiento de Ourense, a través de su Concejalía de Igualdad, presenta las siguientes bases generales reguladoras de subvenciones a asociaciones sin ánimo de lucro para la realización de programas y/o actividades a favor de la igualdad, (en adelante bases reguladoras), con la finalidad de fomentar y consolidar el asociacionismo de las mujeres y aquellos otros colectivos cuyo fin principal sea la promoción de la equidad de género, así como prevenir y combatir la violencia de género para hacer efectivos los derechos a la igualdad y a la no discriminación por razón de sexo proclamados en el artículo 14 de la Constitución española, y de conformidad con la Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la Igualdad Efectiva de Mujeres y Hombres y el Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febrero, por el que se aprueba el Texto Refundido de las disposiciones

legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de igualdad.

2.- Objeto

Proyectos de actividades a desarrollar dentro de los límites del término municipal de Ourense que persigan alguno de los objetivos y/o medidas recogidas en el Plan para la Promoción de la Equidad de Género del Ayuntamiento de Ourense vigente, y aquellos otros que tengan como finalidad principal potenciar y difundir las actividades de promoción de la igualdad, la lucha contra la violencia de género, la conciliación de la vida personal, familiar y laboral de mujeres y hombres, a coeducación, la corresponsabilidad y cualquier otra que evite la perpetuación de los roles tradicionales y los estereotipos sexistas.

Segunda.- Exclusiones

Quedan excluidas del objeto de estas bases reguladoras los proyectos, programas o actividades:

1.- Que para la misma o semejante finalidad sean objeto de convocatoria en otras áreas o servicios del Ayuntamiento de Ourense.

2.- Que puedan implicar algún tipo de discriminación por razón de sexo, etnia, ideología, por orientación sexual, condición social u otras causas.

3.- De carácter político y doctrinal de signo partidario y/o confesional.

4.- Que estén previstas en los planes de enseñanza vigentes y/o de apoyo extra escolar.

5.- Que no se ajusten a los objetivos y finalidad definidas en estas bases.

6.- Que se refieran a la edición de documentos internos, así como externos, de signo exclusivamente propagandístico de la asociación en sí.

Tercera.- Financiación y límite de las ayudas

La concesión de la subvención para los fines expuestos se limitará al crédito disponible en el presupuesto municipal correspondiente a cada convocatoria.

En ningún caso el importe de la subvención podrá ser de tal cuantía que supere el 75% del coste total de la actividad a desarrollar por la asociación beneficiaria. Este límite operará tanto en el momento de otorgar la subvención como en el examen de la cuenta justificativa.

Las subvenciones concedidas al amparo de estas bases reguladoras son incompatibles con otras ayudas y subvenciones públicas, y serán compatibles con cualquier tipo de ayuda por las entidades privadas.

Cuarta.- Beneficiarias

Podrán acogerse a estas bases reguladoras las asociaciones y colectivos integrantes del Consejo Municipal de la Igualdad de Oportunidades de Mujeres y Hombres. Adicionalmente también podrán concurrir otros colectivos destacados en el ámbito de la promoción de la igualdad de género, siempre y cuando reúnan las siguientes condiciones:

a) Que sean asociaciones sin finalidad de lucro, públicas o privadas con sede social en el término municipal de Ourense y que realicen actividades de interés municipal en materia de género e igualdad y se encuentren inscritas en el Registro Municipal de Asociaciones.

b) Que, conforme a sus estatutos o normas reguladoras tengan objetivos y finalidades acordes con la equidad de género (se adjuntará en el momento de la solicitud copia de los Estatutos de la asociación).

En todo caso las beneficiarias deberán:

a) Acreditar la experiencia y capacidad necesaria para el logro de tales objetivos.

b) Reunir los requisitos establecidos en los artículos 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones y 10 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia.

En ningún caso conseguirán la condición de beneficiarias:

